

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR,
PERSONAL FORMADOR, DIRECTIVO E DE APOYO DO
PROGRAMA DE EMPREGO
“UNHA VENTA AO PORTO MEDIEVAL DA CORUÑA**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 11 a 15 da Orde do 12 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, e nas Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación que a desenvolven, o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección do alumnado-traballador participante no programa de emprego “Unha ventá ao porto medieval da Coruña”.

Este programa é un programa de emprego e formación para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, que se enmarca dentro da iniciativa de emprego xuvenil e o Programa Operativo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027, Obxectivo político 4, Prioridade 5, Obxectivo específico ESO4.1, Medida 5.a.03, cofinanciado nunha porcentaxe do 60% e promovido polo Concello da Coruña e o Concello de Culleredo.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- Producción fotográfica (IMST0109) (8 alumnos/as)
- Dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais (SSCB0110) (8 alumnos/as)

As actuacións a realizar son as seguintes:

- Dixitalización 3D de bens mobles do Patrimonio Cultura do Concello da Coruña
- Dixitalización 3D de bens inmobles do Patrimonio Cultura do Concello da Coruña
- Dixitalización de espazos vencellados a bens mobles, inmobles ou inmateriais do Patrimonio Cultura do Concello da Coruña
- Elaborar e desenvolver as diversas programacións culturais deseñadas en coordinación cos servizos municipais que correspondan para a valoración dos bens e espazos seleccionados.

O programa de emprego terá unha duración de 12 meses e formará a 16 alumnos/as traballadores/as. As persoas traballadoras serán contratadas, baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia e percibirán as retribucións que lles correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Atendendo ó establecido na cláusula segunda do convenio de colaboración suscrito entre o Concello da Coruña e o Concello de Culleredo para a realización deste programa, participará alumnado de ámbolos dous concellos e seleccionaranse 12 alumnos/as do Concello da Coruña e 4 alumnos/as do Concello de Culleredo.

Contratarase ao seguinte persoal para o programa de emprego:

POSTO	XORNADA
1 Director/a	Completa
1 Docente especialidade: Producción fotográfica (IMST0109)	Completa
1 Docente especialidade: Dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais (SSCB0110)	Completa
1 Titor/a	Ao 50% da xornada
1 Auxiliar administrativo/a	Ao 50% da xornada

O presente proxecto terá como data prevista para o seu inicio o **02/10/2023**.

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta no seguinte procedemento:

Grupo de traballo

O grupo de traballo ou comisión de selección estará formado por tres persoas, dúas representantes do Concello da Coruña, unha delas ostentará a presidencia, e unha representante do Concello de Culleredo.

Como asesores/as especializados na área de formación e emprego, e como apoio e asesoramento técnico, poderán actuar dúas persoas, unha en representación do Concello de Culleredo, e outra en representación do Concello da Coruña.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do programa de emprego poderá formar parte do grupo de traballo nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de traballo considerarase válidamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, dous dos seus componentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes, tendo a persoa que ostente a presidencia, para os supostos de empate nas votacións, voto de calidade.

O grupo tamén resolverá por maioría de votos dos/as seus membros, todas as dúbidas que surxan na aplicación e interpretación das normas contidas nas presentes bases.

As persoas que representen tanto ao Concello da Coruña como ao Concello de Culleredo poderán nomear a quen estimen oportuno para, en caso de necesidade, substituír a calquera dos membros citados que represente a cada un dos concellos.

O grupo de traballo actuará sempre de acordo os principios de publicidade, concurrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia nas asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

A este grupo de traballo, corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas á selección dos/as aspirantes a ocupar as prazas obxecto da convocatoria así como aquelas outras que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR

As persoas participantes no proceso selectivo, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Empleo de Galicia, en situación laboral non ocupadas e estean disponibles para o emprego e empadronados no Concello da Coruña e no Concello de Culleredo
2. Figurar como beneficiario/as no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección e manter os requisitos exixidos na Lei 18/2014 modificado polo Real decreto lei 6/2016, con carácter previo a participar nos programas de emprego.
3. Ter 18 ou máis anos e que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
4. Os/as candidatos han de cumprir asimesmo os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao programa de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 da Orde do 12 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
5. Como a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 3, os/as candidatos/as han de cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
6. Serán excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que participasen con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro anterior con resultado de apto ou non.
7. Tamén serán excluídos do proceso aquelas persoas candidatas que incorran en calquera tipo de falsidade documental.
8. O grupo de traballo poderá excluír as persoas candidatas do proceso selectivo que tiveran participado anteriormente nalgún outro obradoiro de emprego ou programa de emprego para persoas mozas subvencionados.

O procedemento de selección consistirá na tramitación previa dunha oferta de emprego á oficina de emprego Coruña-Centro e a aplicación dun baremo de selección que se incorpora como anexo destas bases.

Unha vez constituído o grupo de traballo, e aprobados os criterios de selección do alumnado-traballador que van a participar no programa de emprego, tramitarase unha oferta tipo T(Taller de Emprego), establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- a) **Ámbito territorial:** Concello da Coruña e Concello de Culleredo
 - b) **Códigos:** 8 prazas **Producción fotográfica IMST0109 nivel 3**
 - c) **Idade:** de 18 a 29 anos
 - d) **Nº de candidatos/as a remitir:** na medida do posible, mínimo 3 candidatos/as por posto
 - e) **Requisitos de formación:** Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a formación en alternancia en durante toda a duración do proxecto e cumprir cos requisitos de acceso a un nivel 3 de certificados de profesionalidade
-
- a) **Ámbito territorial:** Concello da Coruña e Concello de Culleredo
 - b) **Códigos:** 8 prazas **Dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais (SSCB0110) nivel 3**
 - c) **Idade:** de 18 a 29 anos
 - d) **Nº de candidatos/as a remitir:** na medida do posibl, mínimo 3 candidatos/as por posto
 - e) **Requisitos de formación:** Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a formación en alternancia durante toda a duración do proxecto e cumprir cos requisitos de acceso a un nivel 3 de certificados de profesionalidade

A sondaxe terá en conta aquelas persoas demandantes que teñan solicitado algún dos seguintes servizos: 320: Escola taller programas,330: Casa de Oficio,340: Taller de emprego ou 370: outros programas de emprego formación dual a partir dos 18 anos.

Entrevista persoal e criterios preferentes de selección: Baremo

Nos criterios de selección do alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van a seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O grupo de traballo levará a cabo a selección dos 16 alumnos/as e a súa distribución por especialidades en primeiro lugar a través dunha **entrevista persoal**, na data que fixe o grupo de traballo, na que as persoas candidatas manifestarán o seu interese en participar no proxecto, ás súas aptitudes e capacidades tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, o seu desexo de renuncia ou as súas preferencias polas distintas especialidades do programa de emprego.

Rematada esta fase, publicaránse as puntuacións obtidas no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web do Concello da Coruña e do Concello de Culleredo.

En segundo lugar, o grupo de traballo **baremará** os/as candidatos/as aplicando criterios obxectivos que figuran no artigo 12 da Orde do 12 de abril de 2023, (DOG nº 78 do 24 de abril de 2023) e segundo baremo que se xunta (Anexo I), avaliando as circunstancias persoais dos/as candidatos/as remitidas pola oficina de emprego.

remitirá á oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se alguna persoa proposta non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda sustituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á xefatura territorial a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes nos modelos que se establecen como Anexo I-A das Instrucións da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

En todo caso, será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

O grupo de traballo, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnado-traballador, elaborará unha listaxe de reserva que estará integrada polos/as candidatos/as que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL FORMADOR, DIRECTIVO E DE APOIO

O procedemento de selección consistirá na tramitación previa de oferta de emprego á oficina de emprego Coruña-Centro, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes.

As persoas candidatas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego.

As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia por un período máximo de 3 días.

De acordo cos perfís profesionais establecidos nas presentes bases, solicitarase á oficina de emprego unha sondaxe co obxectivo de preseleccionar aos posibles candidatos/as.

O grupo de traballo determinará o número máximo de candidatos a preseleccionar para cada praza que será, se é posible, de 8 candidatos por posto.

O ámbito da sondaxe será o Concello da Coruña e Culleredo, ampliándose, no caso de non obterse un número de candidatos suficiente, aos concellos limítrofes e, de ser necesario, a toda a provincia.

O procedemento selectivo supondrá a realización dun dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, que se farán de xeito independente valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, realizarase a valoración obxectiva.

En primeiro lugar, o grupo de traballo citará aos candidatos/as admitidos/as para unha entrevista de selección.

A dita entrevista terá por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, e non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación de 7 puntos da puntuación total máxima do proceso selectivo.

Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo.

No momento da entrevista, os/as candidatos/as deberán entregar ademáis do seu currículo vitae toda a documentación que acredite os seus méritos para que o grupo de traballo poda realizar, despois da entrevista, a avaliación dos mesmos.

O grupo de traballo levará a cabo as entrevistas, e despois de rematadas todas as entrevistas, se farán públicas as puntuacións das mesmas no mesmo lugar onde foron realizadas as entrevistas así como nas páxinas web do Concello da Coruña e do Concello de Culleredo.

Se por algún motivo, algunha das persoas candidatas propostas non cumpre cos requisitos mínimos esixibles para poder optar a participar no programa de emprego, se fará constar polo grupo de traballo.

Valoración de méritos

Despois de seguir o procedemento anterior, procederase a valorar os méritos achegados polas persoas candidatas no momento da entrevista persoal.

Os méritos que se valorarán deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas, xunto cunha copia de toda a documentación que se quere presentar para a súa baremación.

Valorarase:

- A titulación académica e titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado.
- A experiencia profesional: Valorarase os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo. Tamén poderá valorarse a experiencia docente na materia.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas, e que deben de estar relacionados coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.
 - O coñecemento do idioma galego. Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- * *Traballo por conta allea*: Contratos de traballo, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que se poida acreditar a categoría profesional desempeñada, calquera outro documento fidedigno que acredite dita experiencia profesional.
- * *Traballadores autónomos*: Alta no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.
- * *Traballo no extranxeiro*: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

Os requisitos ou méritos esixidos como mínimos para determinar a admisión da persoa aspirante para participar no proceso selectivo non poderán ser obxecto de valoración posterior e só serán baremables aqueles méritos que estean relacionados coas funcións a desenvolver no programa de emprego.

Serán excluídos do proceso aquelas persoas candidatas que incorran en calquera tipo de falsedade documental.

Aquelas persoas preseleccionadas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación ou experiencia profesional quedarán excluídos do procedemento selectivo polo que non serán obxecto de baremación.

O grupo de traballo valorará os currículums conforme aos baremos e procederá á súa cualificación e as puntuacións finais outorgadas virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e se determinará a orde de prelación das persoas aspirantes.

As puntuacións finais serán obxecto de exposición pública na páxina web e nos taboleiros de anuncios do Concello da Coruña, do Concello de Culleredo, así como nos taboleiros de anuncios da xefatura territorial e da oficina de emprego que tramite a oferta, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

Rematado o proceso de selección, se o grupo de traballo determinará que queda deserta algunha das prazas ofertadas, abriríase un novo proceso para cubrir as vacantes existentes, podendo o grupo de traballo modificar o requisito mínimo de experiencia profesional, reducíndoo en tramos de 6 meses sucesivamente e seguindo a mesma pauta que a descrita anteriormente en canto ao ámbito de búsqueda, ou ben optar polo procedemento de concurso.

Unha vez elaborada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila á correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto, non cumprira os ditos requisitos, a xefatura comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne os ditos requisitos.

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- a) O maior tempo acreditado no desemprego
- b) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- c) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- d) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- e) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- f) O/a de maior idade

Listaxe de reserva

Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co establecido nestas bases.

INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS

De conformidade co establecido no artigo 15 da Orde do 12 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas mesmo cando as entidades promotoras sexan un organismo público.

As incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido, presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte o da exposición das listaxes de admitidos e reservas e serán resoltas polo grupo de traballo.

PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS

As presentes bases, unha vez aprobadas polas entidades promotoras deberán ser remitidas á xefatura territorial e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Coruña e do Concello de Culleredo.

no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses dos candidatos de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.

No Concello da Coruña na data da sinatura electrónica do presente documento

Polo Concello da Coruña

Beatriz Mariño Vila

Xefa do Servizo de Empleo e Empresa

Emilio Lesta Casal

Xefe do Departamento de Empleo

Polo Concello de Culleredo

Isabel Buján Bernárdez

Xefa do Servizo de Dinamización, Formación e Empleo

BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO PROGRAMA DE EMPREGO “Unha ventá ao porto medieval da Coruña”

As persoas candidatas remitidos pola oficina de emprego, que deberán cumprir os requisitos mínimos previstos na Ordeda Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 12 de abril de 2023 (DOG nº 78, do 24 de abril de 2023) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, serán avaliados mediante a aplicación do seguinte baremo de acordo co previsto no artigo 12.

Tamén deberase ter en conta o establecido na Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

CRITERIOS		PUNTOS
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas		6
Persoas beneficiarias que non recibirán previamente atención polo Sistema		4
Discapacidade \geq 33%		1
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 20 ata 22 anos	1
	De 22 ata 24 anos	2
	De 24 ata < 30 anos	3
Experiencia laboral	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	\geq 12 meses	1
Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
Entrevista	Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu intereses en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.	8

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN DIRECTOR/A NO PROGRAMA DE EMPREGO

“Unha ventá ao porto medieval da Coruña”

FUNCÍONS:

Levará a cabo a coordinación xeral do programa de emprego tanto dos recursos humanos como dos materiais e económicos, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, coa entidade promotora e co empresariado. Estará encargado/a das relacións con empresas do sector de cara á búsqueda de posibles contratacións para o alumnado traballador.

Levará a cabo a xestión e supervisión económica do proxecto así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos de proxecto, todas as accións formativas e as actuacións práctico-laborais, apoiando aos mestres/as na elaboración da programación da formación ocupacional, e do traballo administrativo, e se responsabilizará de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral, estará encargado/a do bo funcionamento do programa de emprego, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial e ante o Concello da Coruña as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das actuacións e a preparación da información e documentación necesaria para a comprar ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Colaborar co tutor/a para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo en consonancia co regulamento dos dereitos e deberes do alumnado.
- Planificar, organizar e executar a acción formativa conducente ao certificado de profesionalidade e da formación transversal, en coordinación cos/as docentes.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador
- Custodia e control da documentación do programa de emprego.
- Comunicación a todo o persoal (docente e alumnado) das normas e procedementos a seguir
- Xestión das compras de material e xestión económica: contabilidade, control de pedidos, facturas,...
- Elaboración de informes e propostas para iniciación de expedientes de tramitación de suministros, servizos, convenios ...
- Resolución de conflitos entre persoal docente e alumnado
- Contacto e coordinación cos centros ou entidades colaboradoras
- Supervisión das asistencias, baixas por enfermidade, incidencias, ... durante o programa de emprego.

- Contacto coa Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Coruña.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado a xornada completa.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego a máis axeitada ao programa de emprego (con inclusión das titulacións de grao), tendo en conta as funcións que desenvolverá segundo o apartado anterior.

Na oferta de emprego indicarase, se fora o caso, a experiencia profesional mínima.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,30 puntos.
- Título de técnico/a medio da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos no ámbito da formación profesional ocupacional, escolas obradoiro, obradoiros de emprego ou casas de oficios: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fora do ámbito das formación profesional ocupacional, escolas obradoiro, obradoiros de emprego ou casas de oficios: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso selectivo, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **6 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se tera en consideración o grao superior.

Antigüidade no desemprego:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorará as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

Puntuación final:

O/a candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO NO PROGRAMA DE EMPREGO “Unha ventá ao porto medieval da Coruña”

FUNCÍONS:

Os/as candidatos/as seleccionados/as encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como Mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado-traballador.

Serán contratados/as a xornada completa.

- **1 mestre/a da especialidade “Producción fotográfica”**
- **1 mestre/a da especialidade “Dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais”**

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas actuacións a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador, notificando á dirección do programa de empregos incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do programa de emprego, as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesaria para o normal desenvolvemento da actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado-traballador.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no RD 615/2013, do 2 de agosto, que regula os certificados de profesionalidade das especialidades de que se trata.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte e sexa a máis axeitada á escola ou obradoiro:

- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0,75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos

- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,30 puntos.
- Título de técnico/a medio da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **6 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P, ou equivalente (máster en secuntaria)*: 1 punto
- Curso de Docencia da Formación profesional para o emprego (SSCE0110): 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade no desemprego:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A **puntuación máxima** que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos e interacción, traballo en equipo e responsabilidade.

Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

Puntuación final:

O/a candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/ DUNHA TITOR/A NO PROGRAMA DE EMPREGO “Unha ventá ao porto medieval da Coruña”

A persoa candidata seleccionada encargárase de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral.

Encargarase das labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro, apoiando aos mestres na execución da programación de formación ocupacional.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como:

- Visitas a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do programa de emprego, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividades entre o alumnado-traballador.
- Impartir o contido formativo relacionado cos módulos transversais, inserción laboral, alfabetización informática, se é o caso, sensibilización medioambiental e igualdade de xénero, todo en coordinación co resto do persoal do obradoiro.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado

Será contratada/a a media xornada

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación universitaria (con inclusión das titulacións ao nivel de grao) relacionada coa materia e funcións a desenvolver.

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria 1 punto.

- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0,75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,30 puntos.
- Título de técnico/a medio da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente terase en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **6 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
 - Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas e simposios non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de Docencia da Formación profesional para o emprego (SSCE0110): 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Antigüidade no desemprego:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos. A **puntuación máxima** que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos/as e interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

Puntuación final :

O/a candidato/a seleccionado/a será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCION DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A NO PROGRAMA DE EMPREGO “Unha ventá ao porto medieval da Coruña”

FUNCIÓNS:

O/a candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do programa de emprego, colaborando co/a director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo e rexistro de documentación.
- Funcións de apoio ao persoal técnico, dirección e docentes.
- Realizar xestións telefónicas
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción
- Grabación e mantemento de bases de datos e documentación administrativa.
- Preparación de documentación para entregar ao alumnado.
- Preparación de oficios, certificacións, diplomas, documentación mensual e documentos requiridos pola dirección.
- Cubrir os formularios e demais documentación para a xefatura territorial e para o concello

Será contratado/a a media xornada

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de **técnico/a en xestión administrativa ou técnico/a superior en Administración e finanzas.**

Indicarase na oferta de emprego a titulación máis axeitada ao programa de emprego e a experiencia profesional mínima se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Título de técnico/a medio doutra rama relacionada ou o seu equivalente: **0,5 puntos**

Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: **1 punto.**

Título de bacharelato: **1 punto**

Titulación universitaria: (**licenciatura, grao ou diplomatura**): **2 puntos**

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos** A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase únicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 2 puntos.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de alta 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade no desemprego:

Valorarase cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de 2 puntos

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos/as e interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata **un máximo de 7 puntos.**

Puntuación final:

O/a candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo curriculum persoal e a entrevista.